


# RESTITUCIÓN DAS ESTATUAS DO MESTRE MATEO

Santiago de Compostela  
11 de decembro de 2025



## A HISTÓRICA VIAXE DE VOLTA DE DÚAS ESCULTURAS QUE SON XA SÍMBOLO CONTRA A IMPUNIDADE DO FRANQUISMO

O día 1 de decembro por volta de mediodía, as dúas esculturas que protagonizan esta exposición iniciaban un traxecto histórico. Saían do Pazo de Meirás, onde foran instaladas hai máis de setenta anos, para se dirixiren a Santiago de Compostela, o lugar para o que as ideara o Mestre Mateo, para facer parte, en primeiro lugar, da desaparecida fachada exterior do Pórtico da Gloria, un dos máis extraordinarios monumentos da arte galega.

Mais as esculturas de Abrahán/Xeremías e Isaac/Ezequiel ficarán para a historia como o primeiro triunfo na recuperación dos bens que a familia Franco arrebatou ilexítimamente. A devolución prodúcese poucos días despois de que se conmemorasen os 50 anos da morte do ditador o 20 de novembro de 1975 e a tan só dous meses de que se inicie o ano en que se cumprirá o 90 aniversario do golpe militar que puxo inicio ao réxime represivo presidido por Francisco Franco.

Estas dúas datas teñen moito a ver coa historia que hoxe contamos. A primeira marca o inicio dunha etapa en que os dereitos e liberdades desaparecen e a oligarquía do réxime, a comezar pola propia familia do ditador, tiña o camiño aberto para facer e desfacer ao seu xeito, sen que ninguén lle negase nada.

Explícase así que naquel 1954 as dúas esculturas se enviasen directamente do Pazo de Raxoi ao de Meirás despois de que a muller do ditador, Carmen Polo, reparara nelas e víraas acaídas para a ornamentación da súa residencia de verán, apropiada tamén de forma ilexítima -como está xa demostrado- coa conivencia das institucións, a submisión e os intereses dos poderes económicos e o medo da veciñanza a quen non tiña reparos en castigar calquera sorte de oposición.

Todo indica que o día en que a muller do ditador fitou para as esculturas foi o propio 25 de xullo en que a corporación honraba Francisco Franco, protagonista nese ano da ofrenda ao Apóstolo na Catedral. Pasaran tan só seis anos desde que, en 1948, o concello de Santiago mercara as estatuas románicas por unha cantidade de 60.000 pesetas, como consta na acta notarial, ao conde de Ximonde, Santiago Puga, quen esixiu que nunca abandonasen o concello de Compostela.

Mais, o traslado a Meirás non precisou operación comercial nin documento ningún, tan só a vontade de Carmen Polo, como acontecía en tantas ocasións. A pesar de non ter ningún certificado de titularidade, a partir de aí, os dous profetas apareceron en distintas exposicións en calidade de propiedade da familia Franco.

Xeremías/Abrahán e Ezequiel/Isaac pasaron a formar parte da decoración do Pazo de Meirás, impenetrábel até a declaración de BIC en 2008 que abre en 2021, despois de moitos atrancos impostos pola familia do ditador, as portas do inmóbel e permite, entre outras cousas, contemplar de novo as esculturas mateanas. A recuperación do Pazo de Meirás está tamén en proceso mais conta cunha sentenza do xulgado de primeira instancia na Coruña que recoñece a titularidade pública, unha vez demostrado que a venda foi unha simulación e, por tanto, unha operación fraudulenta.

Tras oito anos de loita xudicial por parte do Concello de Santiago, o Tribunal Supremo condena en xuño de 2025 á familia Franco a devolverlle as dúas esculturas atribuídas ao Mestre Mateo que agora se mostran ao público.

Acontece cincuenta anos despois da morte do ditador e isto pon á vista tamén a impunidade en que viviu o franquismo e a ausencia da mínima reparación ás vítimas. A recuperación das dúas esculturas do Mestre Mateo é pioneira e histórica e pode ser o inicio da devolución de moitos máis bens patrimoniais que foron espoliados polo franquismo.

Este é un triunfo colectivo, do conxunto de persoas que, dunha maneira ou outra, en todos estes anos, colaboraron para que, finalmente, se fixese xustiza e os dous profetas regresasen á cidade en que foron creados mais, especialmente, de quen, de maneira individual ou organizada, contribuíu á recuperación da nosa memoria histórica.

Esta exposición quere ser tamén unha homenaxe a todas as mulleres e a todos os homes que padeceron a represión franquista, a todas as vítimas que foron asasinadas, ás exiliadas, ás presas, ás que pasaron medo, ás que tiveron que calar e ás que se lles quitou todo o que tiñan, tamén os seus bens, sen que nunca se fixese nada para llelos devolver.

**Materiais de acceso libre que permiten coñecer mellor o proceso creativo do Pórtico da Gloria, o periplo das estatuas até a súa devolución ao Concello de Santiago e a súa relevancia na cultura galega e europea.**



Simulacro do acto en Meirás

**Sentenza da restitución.**

**Autor:** Tribunal Supremo

**Ano:** 2025

Consulta da resolución do 18 de xuño de 2025 do Tribunal Supremo que condena á familia Franco á restitución das estatuas ao Concello de Santiago.



**Recuperando la fachada occidental: investigación, conservación, hallazgos**

**Autor:** Yzquierdo Peiró, R.

**Ano:** 2021

Documento que recolle os resultados da restauración do Pórtico da Gloria e os novos coñecementos obtidos sobre a súa construción e policromía.



**La fachada del Pórtico de la Gloria: revelación de una obra maestra recuperada**

**Autor:** Prado-Vilar, F.

**Ano:** 2020

Reconstrución integral da fachada do Pórtico da Gloria con un estudo histórico-artístico de todas as súas esculturas.



**Os profetas do Pórtico e a cultura galega: Unha viaxe que non cesa.**

**Consello da Cultura Galega**

**Autor:** Prado-Vilar, F.

**Ano:** 2020

Recurso de investigación que explora a traectoria dos profetas do Pórtico no s. XX e a súa imbricación coa cultura galega.



**Declaración BIC das estatuas.**

**Autor:** Xunta de Galicia

**Ano:** 2019

Decreto 100/2019, de 26 de xullo, de declaración de Bens de Interese Cultural das nove estatuas atribuídas ao Mestre Mateo procedentes da desaparecida portada occidental do catedral de Santiago de Compostela.



**Dúas imaxes do Pórtico da Gloria no Museo de Pontevedra**

**Autor:** Museo de Pontevedra

**Ano:** 2015

Video divulgativo que mostra dúas estatuas-columna do taller do Mestre Mateo conservadas no Museo de Pontevedra, así como a súa posible posición orixinal na fachada e a evolución histórica da portada.

Imaxes da cuberta: ©KosmoTech\_1200

Acceso aos textos en linguaxe clara



**Información**

Infórmate sobre a exposición das estatuas do Mestre Mateo.

Escanea o código QR.

Diagramas © ARAGAAC - Federación Autismo Galicia